

**EXPEDIENTE:** 2023/E001/000016 (relacionado co expediente 2023/A008/000016)

**ASUNTO:** SELECCIÓN DE 1 ENXEÑEIRO/A DE MONTES, EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL PARA A MELLORA DA OCUPABILIDADE E A INSERCIÓN LABORAL, AO ABEIRO DAS SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL 2023)

**TRÁMITE:** ACTA

En Dodro, sendo ás 9:00 horas do día 25/05/2023, reúnese na Casa do Concello de Dodro o Tribunal Cualificador encargado do proceso selectivo para a contratación mediante oposición de 1 enxeñeiro/a de montes, segundo as bases aprobadas por Resolución da Alcaldía 166/2023 de 27/04/2023, ao abeiro da subvención regulada Orde do 9 de xaneiro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2023 (DOG núm. 22, do 1 de febreiro de 2023).

Efectuada a oferta a través da oficina de Emprego Santiago Norte, 12-2023-4508 (enxeñeiros/as de montes) foi remitida polo Servizo Público de Emprego de Galicia a relación de candidatos/as para a selección.

Están presentes os seguintes membros do Tribunal Cualificador:

Presidenta:

Titular: Rosario Ríos Rey, axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Rois

Vogais:

Titular: María del Carmen Rodríguez Rey, directora de formación e emprego do Concello de Padrón.

Secretaria:

Titular: Sandra María García Chenlo, secretaria-interventora do Concello de Dodro.

Escusan a súa ausencia María Fernanda Montero Parapar e María Cristina Valera García.

A presidenta declara constituído o Tribunal Cualificador.

O Tribunal Cualificador pon en común o contido da oposición. Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 20 preguntas tipo test, con tres alternativas de resposta cada unha. Os/as aspirantes disporán dun tempo máximo dunha hora para a súa realización.

Sendo ás 9:15 o Tribunal Cualificador procede ao chamamento por orde alfabética segundo a relación enviada polo Servizo Público de Emprego.

DNI	APELIDOS E NOME
***360***	Creo Cernadas Mirian
***690***	Ruso Somoza Patricia

Repártense as copias dos exames e danse as instrucións para a súa realización.

A proba comeza ás 09:20 horas e transcorre sen ningunha incidencia.

Rematada a proba, comeza a corrección do exercicio, empezando coa apertura dos sobres que conteñen os exames para o seu cotexo coa plantilla de respostas.

Finalizada a corrección dos exames procédese a apertura dos sobres que conteñen a identificación dos aspirantes. O resultado é o seguinte:

DNI	APELIDOS E NOME	NOTA OPOSICIÓN
***360***	Creo Cernadas Mirian	8,5
***690***	Ruso Somoza Patricia	8

Considerando o disposto na base 8ª das que regulan o proceso selectivo e que non é preciso realizar o segundo exercicio, por ter acreditado as aspirantes o coñecemento da lingua galego mediante o certificado Celga4 ou equivalente.

Á vista de todo o anteriormente exposto, o Tribunal Cualificador, por unanimidade das súas membros, **ACORDA**:

**Primeiro.-** De conformidade co disposto nas bases aprobadas para rexer o presente procedemento de selección, PROPOÑER AO ÓRGANO COMPETENTE, a contratación como enxeñeira de montes de dona Mirian Creo Cernadas, con DNI \*\*\*360\*\*\*.

**Segundo.-** Que se publique no taboleiro de anuncios da sede electrónica o resultado obtido por cada unha das aspirantes, e a proposta de nomeamento, concedéndose un prazo de 1 día hábil para presentación de alegacións.

**Terceiro.-** Establecer unha lista de reserva coa persoa aspirante que non foi propostas para a súa contratación por obter unha puntuación ordinal inferior ao número de prazas convocadas, incluírase por orde decrecente de puntuación, aos efectos de cubrir vacantes, baixas ou renuncias, no seu caso.

Patricia Ruzo Somoza, con DNI \*\*\*690\*\*\*.

Sendo ás 10:00 horas dáse por rematado o acto, estendéndose esta acta que asinan dixitalmente todos os membros do Tribunal, do que dou fe.

A secretaria

Sandra María García Chenlo

A presidenta

Rosario Ríos Rey

A vogal

María de Carmen Rodríguez Rey